

RPT ACTUAL		RPT PROPOSTA	
CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CÓDIGO	DENOMINACIÓN
TRC991000027001390	LIMPADOR/A	TRA991000027001120	LIMPADOR/A
TRC991000032001420	AXUDANTE TÉCNICO DE LABORATORIO	TRA991000032001100	AXUDANTE TÉCNICO DE LABORATORIO
TRC991000032001425	AUXILIAR DE CLÍNICA	TRA991000032001110	AUXILIAR DE CLÍNICA
TRC991000032001426	AUXILIAR DE CLÍNICA	TRA991000032001111	AUXILIAR DE CLÍNICA
TRC991010136440041	AXUDANTE TÉCNICO DE LABORATORIO	TRA991010136440041	AXUDANTE TÉCNICO DE LABORATORIO
TRC991010136440042	AXUDANTE TÉCNICO DE LABORATORIO	TRA991010136440042	AXUDANTE TÉCNICO DE LABORATORIO
TRC991010136440046	AUXILIAR DE CLÍNICA	TRA991010136440046	AUXILIAR DE CLÍNICA
TRC991010136440047	AUXILIAR DE CLÍNICA	TRA991010136440047	AUXILIAR DE CLÍNICA
TRC991010136440049	AUXILIAR DE CLÍNICA	TRA991010136440049	AUXILIAR DE CLÍNICA

*Resolución do 7 de novembro de 2008, da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, pola que se aproban as bases reguladoras para a convocatoria de catorce bolsas de formación de expertos/as en cooperación internacional para o desenvolvemento.*

A política de cooperación ao desenvolvemento está experimentando na nosa comunidade autónoma un importante crecemento, que concorre xunto coas executadas polo Reino de España, a Unión Europea, e os organismos internacionais -singularmente os programas das Nacións Unidas-, tanto no relativo a medios e instrumentos financeiros como á extensión xeográfica que abarca, sendo necesaria a formación de recursos humanos para o desenvolvemento das accións neste eido, especialmente tras a aprobación e publicación da Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, pola que a Comunidade Autónoma de Galicia asume a responsabilidade de cooperar con outros países para propiciar o seu desenvolvemento integral.

Así mesmo, o I Plan Director 2006-2009 da Cooperación Galega, aprobado polo Parlamento de Galicia o 24 de abril de 2006, subliña a necesidade de formar persoal especializado que contribúa ao fortalecemento do sistema galego de cooperación, establecendo o compromiso de aumentar as bolsas de cooperación internacional en países en vías de desenvolvemento.

Así, coa aprobación das bases reguladoras para a convocatoria de bolsas preténdese apoiar a formación de expertos/as en cooperación internacional, coa finalidade de complementar a formación académica dos titulados/as universitarios/as con estadías na Dirección Xeral de Cooperación Exterior, nos proxectos que, co apoio da Xunta de Galicia, se executen nos países prioritarios da cooperación galega ou nas oficinas técnicas de cooperación dependentes da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, de acordo co previsto no

convenio suscrito entre esta axencia e a Xunta de Galicia, nas axencias de Nacións Unidas e como novidade, nas oficinas da Organización de Estados Iberoamericanos, de acordo co previsto nos acordos subscritos para o efecto.

A efectos de adecuar a contía das bolsas ao custo da vida en cada país, establécese a graduación da súa contía en función dos destinos ofertados.

Esta resolución tramítase ao abeiro do disposto no artigo 1.1º da orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, na redacción dada pola Orde do 27 de novembro de 2000, ao existir crédito axeitado e suficiente no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do día 16 de outubro de 2008.

Na súa virtude, conforme a competencia atribuída pola disposición adicional segunda do Decreto 44/2006, do 6 de marzo, da estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, e para a debida aplicación dos créditos para o fin para o que foron orzamentados,

#### RESOLVO:

##### Artigo único

1. Aprobar as bases reguladoras para a convocatoria de bolsas destinadas á formación de expertos/as en cooperación internacional para o desenvolvemento que se inclúe no anexo a esta resolución.

2. Convocar a concesión de catorce bolsas de acordo coas ditas bases reguladoras pola contía global para o ano 2009 de 227.160 euros con cargo ás aplicacións orzamentarias 04.41.331A.480.0 por unha contía de 29.700 euros e 04.41.331A.490.1 por unha contía de 197.460 euros, que figuran no proxecto de Lei de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2009.

*Disposición adicional*

A concesión das bolsas de formación reguladas nesta resolución estará supeditada á existencia de crédito suficiente nos programas 04.41.331A.480.0 e 04.41.331A.490.1 dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2009.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-A todo o non previsto nesta resolución, aplicarase o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segunda.-Estas bases, a convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas poderán impugnarse na forma e nos prazos establecidos na Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceira.-Autorízase a directora xeral de Cooperación Exterior para ditar, no ámbito das súas competencias, as instrucións precisas para o desenvolvemento e cumprimento desta resolución.

Cuarta.-Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2008.

Julio César Fernández Mato  
Secretario xeral de Relacións Exteriores

*ANEXO I***Bases reguladoras para a convocatoria de bolsas destinadas á formación de expertos/as en cooperación internacional para o desenvolvemento***Primeira.-Obxecto.*

Estas bases teñen por obxecto regular a convocatoria de catorce bolsas para a formación de expertos/as en cooperación internacional para o desenvolvemento, na Dirección Xeral de Cooperación Exterior (en diante Dirección Xeral), nas oficinas técnicas de Cooperación da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, nos proxectos que se executen nos países prioritarios da cooperación galega, en oficinas das axencias da Organización das Nacións Unidas e en oficinas da Organización de Estados Iberoamericanos, nalgún dos países onde desenvolven os seus proxectos, de acordo coa distribución establecida no anexo II desta convocatoria.

As bolsas reguladas nesta resolución concederanse en réxime de concorrencia competitiva e baixo os principios de publicidade, obxectividade, transparencia, igualdade, non-discriminación, eficacia e eficiencia.

*Segunda.-Requisitos dos solicitantes.*

Os solicitantes deben reunir os seguintes requisitos:

- a) Posuír a nacionalidade española ou ser nacional dun estado membro da Unión Europea.
- b) Ter veciñanza administrativa en Galicia ou ter a condición de residente ausente.
- c) Ser menor de 30 anos na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

d) Estar en posesión de título universitario de grao medio ou superior.

e) Non ser ou ter sido beneficiario dunha bolsa de formación no eido da cooperación internacional ao desenvolvemento da Xunta de Galicia.

f) Non manter relación laboral vixente co organismo que promove a bolsa nin coas entidades colaboradoras.

g) Durante o período de desfrute da bolsa, non colaborar con ningún axente da cooperación dos establecidos no artigo 23 da Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento.

h) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitacións físicas ou psíquicas que sexan incompatibles coas actividades formativas para as que se convocan as bolsas.

Terceira.-*Solicitud, documentación e prazo de presentación.*

1. Os/as interesados/as deberán cubrir a solicitude que figura no anexo III dirixida ao secretario xeral de Relacións Exteriores e presentala no rexistro xeral da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores ou por calquera das formas previstas na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

No caso de presentar a solicitude nun rexistro que non sexa o da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores ou de remitila por correo, o/a interesado/a deberá comunicarlle á dita secretaría esta circunstancia, no mesmo día, a través de fax (ao número 881 99 90 29).

Xunto coa solicitude presentaranse, ademais, a seguinte documentación, orixinal ou fotocopia compulsada:

a) DNI, ou documento equivalente en caso de ser nacional doutro Estado membro da Unión Europea.

b) Certificado de inscrición no padrón de habitantes do municipio da súa residencia ou na oficina consular, no suposto de residentes ausentes.

c) Título universitario ou xustificación de pagamento dos dereitos de expedición xunto coa certificación académica na que se detallan as cualificacións obtidas nas distintas disciplinas.

d) Certificado médico que acredite non padecer enfermidade nin estar afectado por limitacións físicas ou psíquicas que sexan incompatibles coas actividades formativas obxecto da bolsa.

e) *Curriculum vitae* do solicitante con foto, no que se relacionen os estudos cursados e, se é o caso, a súa experiencia profesional, así como os documentos acreditativos dos méritos alegados.

f) Un breve informe descritivo dos coñecementos das accións internacionais de cooperación para o desenvolvemento.

g) Declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas para as actividades obxecto desta resolución das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades consonte o modelo que se inclúe nesta convocatoria como anexo IV.

h) Declaración responsable de non reunir ningunha das circunstancias especificadas no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consonte o modelo que se inclúe nesta convocatoria como anexo V.

i) Declaración responsable de non ter emprego remunerado nin gozar doutra bolsa ou axuda, calquera que fose esta, ou, no caso de ter emprego remunerado ou gozar doutra bolsa, un compromiso expreso de renunciar a eles con anterioridade ao momento de incorporación a esta bolsa, consonte o modelo que se inclúe nesta convocatoria como anexo V.

2. Ao abeiro do establecido no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude polo interesado implicará a autorización á Secretaría Xeral de Relacións Exteriores para solicitar as certificacións de non ter débedas coa Administración pública da comunidade autónoma, así como de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Estes requisitos deberán acreditarse antes de efectuar a proposta de resolución, así como da tramitación do pagamento, ao abeiro do disposto no artigo 11 e) da dita lei.

Non obstante, os beneficiarios das bolsas con destino na dirección xeral deberán presentar unha declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia de acordo co establecido no artigo 22 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

3. Mediante a presentación da solicitude de subvención o interesado presta expresamente o seu consentimento á Secretaría Xeral de Relacións Exteriores para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, nos rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 (DOG nº 153, do 9 de agosto).

4. O prazo para a presentación da solicitude e a documentación sinalada no parágrafo anterior será de 1 mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

No caso de que a solicitude non estivese debidamente cuberta ou que a documentación presentada contivese erros ou fose incompleta, requirirase o solicitante para que no prazo de dez días emende a falta ou achegue os documentos necesarios con indicación de que, se así non o fixese, considerárase desistido da súa petición procedendo ao arquivo do seu expediente na forma e termos indicados no artigo 71 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cuarta.-*Duración das bolsas, obrigas dos/as bolseiros/as, plan formativo e contía.*

#### 1. Duración das bolsas.

As actividades de formación iniciaránse no momento da adxudicación da bolsa, logo de aceptación por parte do solicitante que resulte seleccionado, tendo que estar rematadas o 31 de decembro de 2009. A duración máxima de cada bolsa será de once meses.

#### 2. Obrigas dos/as bolseiros/as.

A aceptación da bolsa xera a obriga do/a bolseiro/a de subscribir un seguro de asistencia sanitaria, de accidentes e de repatriación en caso de accidente ou enfermidade, que terá cobertura internacional e vixencia polo período de duración da bolsa, ou ben acreditar por calquera medio admitido en dereito dispor da dita cobertura.

O/a bolseiro/a tamén se obriga pola aceptación a:

-Desempeñar as actividades de formación obxecto da bolsa, de luns a venres, en horario de mañá e tarde, de acordo coa distribución que realice a dirección xeral xunto co responsable do organismo/proxecto onde o/a bolseiro/a realice as súas prácticas.

-Levar a cabo o plan de formación acordado xunto coa dirección xeral e responsable do organismo/proxecto onde realiza as prácticas e cumprir coas normas de funcionamento e actividades que sexan determinadas.

-Desprazarse cando así o acorde coa dirección xeral e o responsable do organismo/proxecto onde realiza as prácticas.

-Utilizar os medios dispoñibles no lugar onde se estea a desenvolver a bolsa para a realización das actividades formativas.

-Non desempeñar ningún traballo remunerado durante o período de vixencia da bolsa.

-Manter un comportamento que en ningún caso implique un prexuízo para os intereses da Xunta de Galicia nin para a imaxe exterior de Galicia e España.

-Mencionar a súa condición de bolseiro/a nas teses de doutoramento ou nos traballos de investigación en que participe.

#### 3. Plan formativo.

Unha vez incorporado/a no seu destino, o/a bolseiro/a acordará o seu plan formativo xunto co titular do servizo de formación e coordinación institucional da dirección xeral e o coordinador xeral da OTC ou o responsable do proxecto de que se trate ou o responsable da axencia de Nacións Unidas ou da oficina da OEL, segundo corresponda. Este plan formativo incluírá, polo menos, unha primeira parte na que o/a bolseiro/a se formará na estrutura, estratexias e programación da institución/organización de que se trate. A segunda parte do plan formativo permitirá ao/á bolseiro/a formarse na práctica das fases do ciclo dos proxectos de cooperación para o desenvolvemento (identificación, formulación, seguimento e avaliación final).

De ser o caso, os/as bolseiros/as seleccionados/as desprazaránse á sede do organismo onde realicen as

súas prácticas durante un período para establecer pola dirección xeral, co fin de coñecer os responsables dos países onde se van realizar as estadias de formación, así como a estrutura, as estratexias e programas do organismo correspondente.

Do mesmo modo, a dirección xeral establecerá para os/as bolseiros/as con destino nela a realización dun período de formación práctica, non superior a un mes, nalgún dos países prioritarios da cooperación galega.

#### 4. Contía.

A dotación total de cada unha das bolsas será a seguinte:

-A dotación total de cada unha das bolsas para os/as bolseiros/as destinados/as en Bolivia é de 11.000 euros.

-A dotación total de cada unha das bolsas para os/as bolseiros/as destinados/as en Guatemala, Perú, Mozambique, Cabo Verde e nas oficinas da UNIFEM e da OEI é de 12.100 euros.

-A dotación total de cada unha das bolsas para os/as bolseiros/as destinados/as en Senegal, Angola, e nas oficinas da FAO é de 13.200 euros.

-A dotación total de cada unha das bolsas para os/as bolseiros/as destinados/as en Haití é de 22.000 euros.

-A dotación total de cada unha das tres bolsas para os/as bolseiros/as destinados/as na dirección xeral é de 9.900 euros.

Os/as bolseiros/as destinados/as no exterior recibirán, en concepto de aboamento dos gastos de viaxe, seguros e primeiro establecemento, unha contía global fixada no anexo II para cada un dos destinos propostos. Nesta contía entenderanse incluídos os gastos ocasionados con motivo dos desprazamentos internos necesarios no desenvolvemento da bolsa no ámbito xeográfico correspondente.

Os/as bolseiros/as con destino na sede da dirección xeral, cando, para os efectos de completar a súa formación práctica sexan enviados temporalmente ao exterior, percibirán en concepto de aboamento de gastos de viaxe, aloxamento, seguros e desprazamentos internos a contía global establecida no anexo II para este suposto.

Así mesmo, os/as bolseiros/as, no caso de estimarse necesario pola dirección xeral o seu desprazamento temporal á sede principal de calquera dos organismos onde realizan as súas prácticas ou a algunha misión específica nos seus destinos, percibirán en concepto de aboamento dos gastos da viaxe (transporte, aloxamento e manutención), unha contía de 120 euros diarios. A contía máxima deste concepto non superará os 11.760 euros.

Quinta.-*Procedemento de adxudicación das bolsas e baremo.*

1. Para a adxudicación das bolsas constituirase unha comisión de avaliación, que adaptará o seu funcionamento ao previsto nesta convocatoria e, supletoriamente, aos regulamentos contidos no capítulo II, título II, artigos 22 e seguintes da Lei 30/1992, do 26

de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A comisión componse polos seguintes membros:

Presidente: a directora xeral de Cooperación Exterior.

Secretario: un xefe de servizo da dirección xeral.

Vogais:

-Dous técnicos en cooperación para o desenvolvemento da dirección xeral.

-Un experto designado polo presidente da comisión avaliadora.

-Un representante designado pola AECID.

Os membros da comisión non cobrarán indemnización por asistencia.

2. A comisión examinará as solicitudes presentadas, valorando os méritos acreditados documentalmente, conforme o seguinte baremo:

A) Formación (de 0 a 6 puntos).

-Por formación específica (máster, curso de posgrao ou curso de especialización) en materia de cooperación internacional para o desenvolvemento: 0,40 puntos por cada 100 horas lectivas, ata un máximo 1,60 puntos.

-Por cursos de galego: 0,50 puntos en grao de iniciación e 1 punto en grao de perfeccionamento.

-Por coñecemento de idiomas estranxeiros: 0,50 puntos por cada un, ata un máximo de 1 punto.

-Por cada curso de formación relacionado coa cooperación e acción exterior, de 18 ou máis horas: 0,20 puntos ata un máximo de 1,40 puntos.

-Por cada curso de formación relacionado con calquera das prioridades, tanto sectoriais como transversais, ás que se fai mención no I Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2006-2009 de 18 ou máis horas: 0,10 puntos ata un máximo de 0,50 puntos.

-Por cursos relacionados coa informática e/ou internet, de 18 ou máis horas: 0,10 puntos por cada un ata un máximo de 0,50 puntos.

Forma de acreditación da formación: fotocopia compulsada dos títulos ou certificados de participación nas actividades formativas. O coñecemento de idiomas estranxeiros acreditarase mediante o correspondente certificado oficial expedido pola Escola Oficial de Idiomas ou institucións ou centros recoñecidos oficialmente.

B) Experiencia (de 0 a 4 puntos).

-Experiencia acreditada na realización de tarefas relacionadas con calquera das prioridades, tanto sectoriais como transversais, ás que se fai mención no I Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2006-2009, independentemente da que se acredite en cooperación ao desenvolvemento: 0,5 puntos por cada seis meses, ata un máximo de 1 punto.



-Experiencia en tarefas de voluntariado social debidamente acreditada: 0,5 puntos por cada 6 meses, ata un máximo de 1,5 puntos.

-Experiencia acreditada en cooperación ao desenvolvemento: 0,5 puntos por cada 3 meses, ata un máximo de 1,5 puntos.

Forma de acreditación da experiencia: certificado expedido pola correspondente entidade onde se prestasen os servizos ou fotocopia compulsada do contrato ou contratos de traballo e certificación de vida laboral expedida pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

3. Unha vez rematado o proceso de avaliación dos méritos dos solicitantes, a comisión de avaliación confeccionará a lista provisional de posibles bolseiros/as, ordenada de maior a menor, segundo a súa puntuación. Esta lista provisional exporase no taboleiro de anuncios da Dirección Xeral de Cooperación Exterior, sita na rúa Feáns 3 baixo, Santiago de Compostela. Tamén estará á disposición dos interesados na páxina web desta dirección xeral (<http://www.cooperaciongalega.org>).

4. Abrirase un prazo de 10 días contados a partir do seguinte do da data de publicación da lista provisional, co fin de realizar consultas e reclamacións sobre esta. Seguidamente, a comisión de valoración resolverá as reclamacións, expoñéndose de seguir a lista definitiva de posibles bolseiros/as, nos mesmos lugares e forma citados anteriormente.

#### 5. Entrevista persoal.

A comisión de selección realizará unha entrevista aos aspirantes que conseguiran na avaliación da formación e da experiencia unha puntuación mínima de 4 puntos, na que se valorarán as aptitudes e actitudes persoais dos aspirantes para a realización das actividades que se van desenvolver, o coñecemento dos temas de cooperación, a súa motivación e iniciativa así como a facilidade de expresión oral. Esta entrevista será valorada de 0 a 5 puntos, sendo necesario para poder acceder a unha das bolsas convocadas acadar unha puntuación mínima de 2 puntos nela.

A comisión facilitará aos aspirantes antes da realización da entrevista os criterios específicos que se van avaliar nela.

A comisión poderá estar asesorada polo persoal técnico ou profesional que considere necesario e que poderá asistir ás sesións con voz pero sen voto.

6. A comisión valorará, unha vez realizada a entrevista e tendo en conta a formación dos aspirantes e o coñecemento dos idiomas dos países en que o español non sexa a lingua predominante, a idoneidade de cada un dos candidatos en función dos destinos propostos.

7. A comisión propondrá unha listaxe de adxudicatarios/as entre os/as solicitantes que acaden unha maior puntuación, indicando os destinos propostos para cada un deles, facéndoa pública mediante a inserción no taboleiro de anuncios e na páxina web da dirección xeral (<http://www.cooperaciongalega.org>). Incluírase unha listaxe de reserva, integrada polos solicitantes valorados cun mínimo de 2 puntos

na fase de entrevista segundo orde de puntuación consecutiva, que se terán en conta para os supostos de renuncias ou baixas dos/as adxudicatarios/as.

8. A comisión elevará a súa proposta ao secretario xeral de Relacións Exteriores, que resolverá, de acordo co establecido na disposición adicional segunda do Decreto 44/2006, do 6 de marzo, da estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, logo da súa fiscalización, sobre a concesión das bolsas.

9. O prazo máximo para resolver será de tres meses. De non se ditar resolución no indicado prazo, as solicitudes entenderanse desestimadas.

10. No suposto de que, unha vez adxudicadas as bolsas, os/as beneficiarios/as non declarasen a súa aceptación ou renunciaren unha vez aceptada, a bolsa poderá ser adxudicada ao/á seguinte aspirante con maior puntuación procedéndose, do mesmo xeito, no caso de non aceptación ou renuncias sucesivas.

11. De non presentarse solicitudes, ou de non acadar as rexistradas a puntuación mínima exixida na fase de avaliación da formación e da experiencia ou na fase de entrevista, a convocatoria será declarada deserta mediante resolución da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*.

*Sexta.-Publicidade, aceptación, renuncia e reintegro.*

1. A resolución de concesión das bolsas será publicada no *Diario Oficial de Galicia*, sen prexuízo das notificacións individuais feitas aos seus beneficiarios.

2. De acordo co establecido nos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Secretaría Xeral de Relacións Exteriores publicará a relación de beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento destes datos.

3. Unha vez recibidas as notificacións de concesión das bolsas polos/as beneficiarios/as, no prazo máximo de cinco días hábiles, estes deberán comunicar á dirección xeral a súa aceptación ou renuncia. No caso de aceptación, achegarase con ela certificación bancaria da conta onde deberá ser aboada a bolsa e acreditación de dispoñer da cobertura asistencial exixida na base cuarta, parágrafo tres. Transcorridos os sinalados cinco días, se os/as beneficiarios/as non se declararan en ningún sentido, entenderase que renuncian á bolsa, procedéndose a adxudicala ao seguinte solicitante que figure por orde de puntuación na listaxe de reserva confeccionada inicialmente.

Seguirase este mesmo procedemento cando durante o tempo de vixencia da bolsa se producise algunha vacante por calquera circunstancia, incluída a renuncia.

4. A renuncia durante a vixencia da bolsa, que deberá comunicarse mediante escrito dirixido ao secretario xeral de Relacións Exteriores con polo menos un mes de antelación á data na que se desexa facela efectiva, dará lugar á devolución das cantidades percibidas, salvo causas xustificadas debidamente acreditadas e aceptadas polo órgano concedente da bolsa, e determinará, en todo caso, a perda dos dereitos económicos da parte da bolsa non desfrutada.

*Sétima.-Natureza xurídica da relación.*

A aceptación da bolsa non xera ningún tipo de vínculo laboral, administrativo nin de calquera outra natureza contractual ou legal entre a Administración autonómica ou a Administración xeral do Estado e o/a beneficiario/a, nin supoñerá a súa alta en réxime algún da Seguridade Social. Os dereitos e as obrigas cingúense en exclusiva aos estipulados nestas bases reguladoras.

*Oitava.-Aboamento das bolsas.*

O aboamento das bolsas distribuirase en once pagamentos. Cada un deles realizarase despois da correspondente certificación da dirección xeral do bo aproveitamento das prácticas, de acordo coa emitida polo responsable do proxecto de que se trate.

*Novena.-Causas de extinción e revogación da bolsa.*

1. A condición de bolseiro/a extínguese por:

-Expiración do período de duración da bolsa.

-Renuncia.

-Enfermidade ou accidente que o incapacite para o desenvolvemento das prácticas.

2. Darán lugar a revogación da bolsa, sen prexuízo das causas xerais establecidas na normativa de axudas públicas, logo de instrución de procedemento contradictorio:

-O incumprimento por parte do/a bolseiro/a das obrigas relacionadas na base cuarta, contraídas coa aceptación da bolsa.

-A ausencia inxustificada.

-Obtención da bolsa sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión ou destinala para finalidades distintas para a que foi concedida.

3. A revogación da bolsa obrigará o beneficiario/a, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas incluídos os xuros de demora, logo de instrución do procedemento de reintegro previsto na normativa de aplicación.

*Décima.-Información aos órganos fiscalizadores.*

Os/as beneficiarios/as estarán obrigados/as a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Xunta de Galicia, o Tribunal de Contas español e o Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

*Décimo primeira.-Modificación das condicións. Incompatibilidades.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da bolsa poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

A secretaría xeral de Relacións Exteriores poderá modificar os destinos ofertados no anexo II desta convocatoria no caso de xurdir feitos non previstos que imposibiliten a súa adxudicación aos/ás bolseiros/as seleccionados/as. Neste caso, as contías asignadas aos novos destinos non poderán superar as especificadas para os inicialmente previstos.

2. Estas bolsas son incompatibles con outras bolsas ou axudas financiadas con fondos públicos ou privados, así como soldos ou salarios que impliquen vinculación contractual ou estatutaria do bolseiro ou calquera tipo de ingresos pola prestación de servizos profesionais ou a realización de traballo remunerado.

*Décima segunda.-Recursos.*

As resolucións expresas ou presuntas recaídas en aplicación do disposto nestas bases reguladoras esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer os seguintes recursos:

a) Recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da correspondente notificación, ou de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo os casos, de conformidade co establecido nos artigos 107, 116 e 117 da Lei 30/1992, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999.

b) Recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente desa orde, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da correspondente notificación, ou no prazo de seis meses, contados a partir do día seguinte a aquel no que se producira o acto presunto.

*Décimo terceira.-Memoria final.*

No prazo máximo dun mes desde a finalización do período de formación, os/as bolseiros/as presentarán á dirección xeral unha memoria resumo das actividades realizadas no seu destino así como certificación do responsable do proxecto de que se trate/coordinador xeral da OTC/responsable da oficina das Nacións Unidas/responsable da oficina da OEI correspondente, que será avaliada pola dirección xeral, expedíndose, de ser estas avaliadas positivamente, diploma acreditativo do bo aproveitamento do período formativo, con indicación da súa duración.

**ANEXO II**  
(Distribución das bolsas)

Destino	Prazas	Contía da bolsa de viaxe por praza
Perú	1	2.800 €
Bolivia	1	2.800 €
Guatemala	1	2.800 €
Haiti	1	4.000 €
Senegal	1	3.000 €
Mozambique	1	3.500 €
Angola	1	3.200 €
Cabo Verde	1	2.800 €
Oficinas FAO	1	3.200 €
Oficinas UNIFEM	1	2.600 €
Oficinas OEI	1	2.600 €
D.X.C.E.	3	2.400 €



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA

ANEXO III

PROCEDEMENTO <b>BOLSAS PARA A FORMACIÓN DE EXPERTOS EN COOPERACIÓN INTERNACIONAL PARA O DESENVOLVEMENTO</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>PR809A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**DATOS PERSOAIS**

APELLIDOS		NOME	
DATA DE NACEMENTO		PAÍS	PROVINCIA
NACIONALIDADE		DNI / PASAPORTE	ENDEZEZO ELECTRÓNICO
		CONCELLO	

**DIRECCIÓN PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

ENDEZEZO		PROVINCIA	CONCELLO
CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE	PAÍS	TELÉFONOS
ENDEZEZO ELECTRÓNICO			

**EXPÓN:**

Que á vista da convocatoria de bolsas para a formación de expertos en cooperación internacional para o desenvolvemento, publicada no DOG nº \_\_\_\_, e considerando que reúno requisitos exixidos, de conformidade coa documentación que se xunta, e coa miña expresa aceptación de todos os termos da convocatoria,

**SOLICITO:**

Unha bolsa para a formación de expertos en cooperación internacional para o desenvolvemento.

**DOCUMENTACIÓN**

- DNI, ou documento equivalente en caso de ser nacional doutro Estado membro da Unión Europea.
- Certificado de inscrición no padrón de habitantes do municipio da súa residencia ou na oficina consular, no suposto de residentes ausentes.
- Título universitario ou xustificación de pagamento dos dereitos de expedición xunto coa certificación académica na que se detallan as cualificacións obtidas nas distintas disciplinas.
- Certificado médico que acredite non padecer enfermidade nin estar afectado por limitacións físicas ou psíquicas que sexan incompatibles coas actividades formativas obxecto da bolsa.
- Curriculum vitae* do solicitante con foto, no que se relacionen os estudos cursados e, se é o caso, a súa experiencia profesional, así como os documentos acreditativos dos méritos alegados.
- Un breve informe descritivo dos coñecementos das accións internacionais de cooperación para o desenvolvemento.
- Declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas para as actividades obxecto desta resolución das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades consonte o modelo que se inclúe nesta convocatoria como anexo IV.
- Declaración responsable de non reunir ningunha das circunstancias especificadas no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consonte o modelo que se inclúe nesta convocatoria como anexo V.
- Declaración responsable de non ter emprego remunerado nin gozar doutra bolsa ou axuda, calquera que fose esta, ou, no caso de ter emprego remunerado ou gozar doutra bolsa, un compromiso expreso de renunciar a eles con anterioridade ao momento de incorporación a esta bolsa, consonte o modelo que se inclúe nesta convocatoria como anexo V.

Quen abaixo asina **DECLARA QUE** presta expresamente o seu consentimento á secretaría xeral para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución do 7 de novembro de 2008, da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, pola que se aproban as bases reguladoras para a convocatoria de catorce bolsas de formación de expertos/as en cooperación internacional para o desenvolvemento.</i>
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA  _____ , de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		_____
		DATA DE ENTRADA
		____/____/____
		DATA DE EFECTOS
		____/____/____
		DATA DE SAÍDA
		____/____/____
REVISADO E CONFORME		

Secretario xeral de Relacións Exteriores

## ANEXO IV

**DECLARACIÓN DAS SOLICITUDES  
EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA O MESMO PROXECTO OU ACTIVIDADE**

Dona/Don  , con DNI/NIF

Solicitante dunha bolsa de formación na Secretaría Xeral de Relacións Exteriores

DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE que:

Nas datas que a seguir se relacionan, presentou unha/s solicitude/s e que lle foi/foron concedida/s, de ser o caso, a/s seguinte/s axuda/s para o mesmo fin:

DENOMINACIÓN DO ORGANISMO, SOCIEDADE OU ENTIDADE PÚBLICA A QUE LLE FOI SOLICITADA A AXUDA	DATA DE		ESTADO	IMPORTE	PERÍODO
	SOLICITUDE	CONCESIÓN			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Non solicitou nin, en consecuencia, lle foi concedida ningunha axuda para o mesmo fin das distintas administracións públicas competentes

Lugar e data

\_\_\_\_\_ , de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

(Sinatura)

## ANEXO V

**MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE**

Dona/Don  , con DNI/NIF

solicitante dunha bolsa de formación na Secretaría Xeral de Relacións Exteriores

DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE que:

-Non está incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no punto 2º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

-Que non está percibindo ningunha compensación económica derivada dunha actividade profesional por conta propia ou allea, non está acollida/o á prestación por desemprego e non ten concedida outra bolsa.

No caso de que, durante a vixencia da bolsa de formación na Secretaría Xeral de Relacións Exteriores que, se é o caso, lle fose concedida, deixase de cumprir a condición anterior por pasar a percibir calquera xénero de compensación económica, obrígase expresamente a poñelo en coñecemento do devandito centro directivo no prazo máximo de tres días hábiles, causando baixa automaticamente na percepción da bolsa.

E, para que así conste, asino esta declaración responsable en:

Lugar e data

\_\_\_\_\_ , de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

(Sinatura)